

# Visita ao Parque Natural de Montesinho

## “O esplendor da Trasmontana portuguesa”

28, 29 de xullo 2018

### PROGRAMA

#### Sábado 26

9h. **Partida.** O punto de encontro será Pontearreas; saída 294 da A52.

11, 30h **Ruta “Bosques do Val do Tuela”**

Ruta circular Lonxitude, 10km Altitudes, 600m-900m Dificultade, moderada

#### **Un paseo pleno. A salientar...**

Os bosques de carballo negro, a flora endémica, a Cova da Lorga, os soutos de castiñeiros de ambiente mediterráneo, o conxunto etnográfico dos fornos de cal, o gran bosque de ribeira do Tuela, os pastos naturais, o núcleo arquitectónico de Dine.

#### **Visita á cova da Lorga**

En Dine, atopamos a Lorga, unha pequena gruta ocupada desde o Calcolítico. Os bens atopados son numerosos e de gran calidade. Así, unha boa cantidade de cerámica decorada, vasos, material lítico e material óseo, animal e humano. Judite terá o pracer de nos comunicar e ensinar algún destes achados.

19h **Hospedaxe na Pousada da Juventude de Bragança**

#### Domingo, 27

9 30h **Visita guiada ao Castelo de Bragança**

Con 660m. de perímetro, 16 torreóns, e muros de 2m. de espesor, o seu interior harmónico presenta habitáculos e zonas coma a Domus Municipalis, a Igrexa de Santa María, a Torre da homenaxe, o Poço d'el Rei, o Pelourinho,... Definido Monumento nacional, é un espazo clave para o entendemento do devir de Portugal. Arredor del, transcorren Mumadona Dias, Afonso Henriques, Sancho I, Don Dinís de Portugal, quen fan parte da orixe, relación e afastamento de Galiza e Portugal.

12h **Ruta “Relevos da Serra da Coroa”**

Ruta circular Lonxitude, 8km Altitudes, 700m-1000m Dificultade, moderada

#### **Fermoso percorrido de montaña. A salientar...**

O planalto de Moimenta, as touzas, a Serra da Coroa, os ecosistemas de mato e a flora asociada, os rápidos e a frondosidade da ribeira da Anta, flora endémica, os bolos erráticos.

17,30h **Remate**